

XELA ARIAS


UNIDADE DIDÁCTICA. LETRAS GALEGAS 2021



Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais. Ilustración: Doire

Imaxe tirada de uvigo.gal

Marta Domínguez, Belén Rodríguez, Charo Baleirón





XELA ARIAS: DATOS BIOGRÁFICOS

Xela Arias Castaño era filla de Valentín Arias López e de Amparo Castaño López. Naceu en Sarria o 4 de marzo de 1962 e bautizárona como María de los Ángeles aínda que será Xela desde os seis anos, rexistrándoa así de forma oficial en 1995. Finou dun infarto no ano 2003 en Vigo. Unha curta vida pero cunha prolífica obra na que destaca a creación, sobre todo poética, e a tradución pola que recibiu recoñecementos como o Premio de Tradução Sociedade da Lingua Portuguesa, por Amor de Perdición (1986). O Premio Ramón Cabanillas de Tradución por O derradeiro dos mohicanos, (1993) e o Premio de Tradución Plácido Castro 2004 por O Spleen de París, a título póstumo.

O pleno da Academia decidiu homenaxear esta poeta e tradutora á que definiu como “unha das voces máis destacadas da poesía galega contemporánea”. A súa poesía é “singular, transgresora, sincera e comprometida”. Destaca da autora a súa forma de concibir a poesía indagando e cuestionado a orde das cousas, atrevéndose a describir o que “se aprende a ocultar”. Na súa obra atópase a afirmación do corpo feminino, o diálogo con outras artes como a fotografía, a música ou a pintura, a reflexión sobre si mesma...”. Ademais, tamén se lle recoñece a “dimensión pública e comprometida da súa vida e obra e o feito de que participase en mobilizacións cívicas como a organizada tras a catástrofe do *Prestige*. Nesta dimensión pública tampouco podemos esquecer a súa implicación na movida viguesa dos anos 80, sobre a que ela se mostrou un tanto crítica como movemento pero moi activa



nos ámbitos social, no cultural e no político. Desta época destacan, por exemplo, as súas letras para o grupo roqueiro Desertores.

Os seus inicios estiveron vencellados ao equipo de Edicións Xerais, onde traballou de 1980 a 1996 como correctora de estilo, editora e tradutora de autores en varios idiomas. Desde Bram Stoker (*Drácula*), Roald Dahl (*As bruxas*), Angela Carter (*Venus negra*), Gianni Rodari (*Contos ó teléfono*), Carlos Oroza (*Caballum*), Jorge Amado (*O Gato Gaiado e a Andoriña Señá: Unha Historia de Amor*) ou formando parte dos equipos que traduciron a Cervantes ou a James Joyce ao galego. Ademais, Xela tamén dedicou anos da súa vida á docencia exercendo en distintos institutos galegos.

Publicou o primeiro libro en 1986, *Denuncia do equilibrio*, finalista do premio Losada Diéguez. En 1990 publicou *Tigres coma cabalos*, onde os versos se maridan con fotografías de espidos, incluídas algunha da propia autora. En 1996 publica *Darío a diario* (1996), centrado na maternidade e no seu fillo. No ano 2003, con 41 anos, ve a luz *Intempériome*. É o mesmo ano en que morre dun infarto. É autora, ademais, de dúas obras inéditas: *Lili sen pistolas* e *Maldito lindo*.





XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

Imaxes tiradas da páxina web da RAG

Presentámosvos, deseguido, un artigo escrito polo seu pai Valentín Paz Andrade e publicado nun especial das festas de San Xoán de Sarria, titulado “Xeliña fala galego” que se centra na importancia da fala nai e na necesidade de falarlles aos meniños en galego para garantir a transmisión xeracional.



XELIÑA FALA GALEGO

Por Valentín Arias López

A Xeliña e unha nena pigarrrela. Que naceu nunha aldea, a carón da fermosa vila de Sarria. Vaíña xa pra sete anos.

Os pais da Xeliña son galegos. O mesmo que a súa familia toda.

E consideraron moi natural falar ca súa nena na lingua galega que eles adoitan a coito. A Xeliña, pois, dependeo a falar na lingua máis dos galegos.

Pesie a que ista determinación dos pais de Xeliña non foi ben vista por moitos. Lémbrame moi ben de un día que estando os pais e a nena nun comercio da vila, ó decalarse que a nena falaba galego, moi alixada e compunhada, chea de sistemas pola nena e de noxos polos pais, escramosa a tendeira:

—“Oh! ¡Y le hablan gallego! Qué pena que no le habien castellano ¡Con lo riquita y fina que es la niña! Si fuese un niño, aún pasaba; pero enseñarle gallego a una niña tan guapa...”

O tempo foi pasando. Deica que a Xeliña tivo catro anos. Enton, seu pai fíxolle ver que cada pobo ten a súa lingua. E que compe coñecer moitas linguas pra se entender con moita xente. En consecuencia, acordaron falar todos castelán perante unhos dias pra que a nena adendera ista lingua; a mais da galega que xa coñecía. No entendemento que mais adiante farano igual ca francesa. E tamén con algunhas outras linguas.

Cando andaba nos cinco anos, a Xeliña emprendioun a ir a escola coma todos os nenos.

Hoxe, que anda nos sete como xa queda dito, prégalle a seu pai que merque contos pra ía íelos. En galego e mais en castelán. Por certo que gusta moito dos nomeados: “A filla do rei”, “Graumillo”, “Polo mar van as sardiñas”, “Blanca Nieves”, “Ricitos de oro”, “Patiño íeo”...

Eu, que coñezo a ista nena dende que nacxo, son testigo que neste intre —cos seus seis anos recen estrenados— a Xeliña “domina” a lingua castelán como calquer outra nena (da súa idade, intelixencia e condición social semellantes) que falara sempre non mais que na lingua de Castela. E mais “domina” tamén a lingua galega de igual xeito.

Co que, eu entendo, non se atopa en inferioridá de condicións a Xeliña. Se non, mais ben, todo o contrario:

Por unha banda, entenderase cos cento cincuenta millóns de persoas castelán falantes que somos no mundo. I entenderase, asemada, cos cen mil milleiros de portugueses e brasileiros, cuia lingua nai e a portuguesa; ó cabo tan perto ista da galega aínda que antre portugueses e galegos non hai cuestión por mor da lingua.

De outra banda, teño pre min que a Xeliña e un pouco menos rutineira no adprendemento lingüístico do que os rapaces monolingües; pois está arreo a facer comparanzas antre as dúas linguas que ía coñece, reflexionando constantemente sobor días.

I e ben sabido que e mais doado adprender unha nova lingua cantas mais linguas se coñecen. A quen íala sete idiomas castilán menos traballo deprender o nativo do que íe custa deprender o terceiro ó que íala tan soio dous. E, por isto, a Xeliña que xa coñece dúas linguas —a galega í a castelán— terá unha máixa mais de facilidade pra adprender outras que í coñecera non mais a lingua de Castela, poñamos por caso.

Ademais, compe que non esqueamos que sustamente a lingua e o meirande logro colectivo de un pobo. Aquilo que íe da carácter. Ó pobo

Tirado da RAG en <https://bit.ly/3fMRENK>



XELA ARIAS E A SÚA OBRA

"A FRAGA DOS PAXAROS FALADORES E A FRAGA LEOPARDICIA"

Conto escrito por Xela Arias con 11 anos e merecedor do primeiro premio na sección «Contos de nenos» do «VI Concurso de contos infantís «O Facho», patrocinado pola entidade «Caja de Ahorro-Monte de Piedad de La Coruña y Lugo» e publicado en La Voz de Galicia o 3 de febreiro de 1974, con ilustracións de Paulo e de Manolo Caamaño.

Hai xa certa cantidade de anos, non sei cantos, estaba eu na miña casa de Xemil e tiven unha idea: ir viaxar e explorar o mundo. Pois ben, comecei a facer as maletas recollendo todos os meus trebellos. Metín as maletas e blusas no ascensor e baixei. Abrín o coche, e a correr. Ía a 200 por hora.

Ese coche meu é un «Leopardo a reacción» que inventaron uns científicos amigos meus. Que, por certo, dixéronme que puxera anuncios e dixera ás xentes que no seu laboratorio teñen unha medicina que o que a tome durará millóns e millóns de anos. Este laboratorio está na rúa Saturno, número 20, piso 100.000 (Así que, o que queira vivir millóns e millóns de anos xa sabe a onde dirixirse).

Cheguei a unha fraga. Pero esta fraga era pequena. E os seus únicos habitantes eran paxaros faladores. Os cales arroteáronme segundo cheguei. (Eran moi grandes, como xigantes). E un que estaba traxeado con camisa branca, levita negra e calzón froleado, díxome:

-Pirris, Pío-Pío, pos turistis exangos.

Que quere dicir: «Os Pío-Pío saúdan aos turistas estranxeiros».

Eu estirei a man para dicir «encantada de coñecelo».

Pero el alargou a pata. E eu, asustada, preguntei:

-Que significa?



XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

-Pío-Pío quer tristar paspa.

O que quere dicir: «Pío-Pío quere chocar as patas».

Eu estirei a miña perna e deille un bico. El quíxome dar o seu bico, pero co gran peteiro que tiña esganifoume a cara. Botei un berro:

-Ai!

Eles botáronse a rir a gargalladas.

Cando menos o pensaba eu chegaron dúas cegoñas e trouxéronme amorotes, laranxas e follas de árbores con cagallas de rato. Comín os amorotes e as laranxas. Díxenlles que as follas de árbore con cagallas de rato non eran usadas na miña Terra para comer.

Logo, trouxéronme a caracocha dunha árbore e rubíronme a el botándome axiña polo ar para que voara eu. Naturalmente, caín no chan.

Eles botáronse outra vez a rir a gargalladas.

O paxaro de levita negra, que era o xefe, díxome:

-Pavis exangos, sin ver aletegar.

Cousa que quere dicir:

«Persoas estranxeiras non saben voar».

Eu díxenlles:

-Na miña Terra somentes voan os paxaros e os avións. As persoas non voamos; pois non temos ás. Penso que vostedes debíanse decatar de que eu non teño esas plumas que así ensarilladas semellan mesmamente follas de rosas, que son as ás, e por iso non podo manterme no ar nin tan siquiera medio minuto. Agora, se vostedes me permiten, voume.

-Xes, xes -dixéronme eles- que quere dicir: «Si, si».

Mais, de súpeto, decateime que tiña desaparecido o meu coche.

Ai, meu coche queridiño! Custoume 100.000 pesetas e as pernas cansas de rubir ata o piso 100.000 con 100.000 escaleiras en cada piso.

Ai, de mi! Lambóns: onde mo botaron?



XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

Botei a correr e de repente aparecín na outra fraga. Esta chamábase a Fraga Leopardicia; poque estaba habitada por leopardos.

Todos estaba vestidos con mantos de cor amarela forte con pinturas mouras. Cando cheguei ao pé deles o máis grande plantouse diante

miña e conducíume a unhas árbores e mandoume sentar, facéndome unha reverencia.

Eu senteime e el fixo o mesmo.

Unha fileira india de leopardos desfilou por diante miña chifrando por unhas gaitas feitas de ferraña. Logo pasaron leopardos e leopardas que máis tarde se axuntaron por parellas, e ao pasaren a carón nosa os machos abrían as súas bocas, amosaban os dentes branquísimos e afiadísimos e bruaban:

-Srrrrrr.

Cando rematou toda aquela requiloria conteille ao leopardo xefe o que me pasara denantes de chegar eu a aquela fraga. El ofreceume dous leopardos para poñer debaixo dos meus pés para que me levaran ao meu coche. Porque estes leopardos tiñan moi bo olfacto e ao mellor acertaban con el.

Púxenme sobor deles como se foran uns patíns de patinar. E, corren do, nun instante, leváronme cabo do meu cochiño queridiño.

Funlle dar unha aperta de contenta e resulta que... aquel coche era de manteiga.

-Insultáronme! Ai, ai. Que farei de min?

Corrín e corrín ata chegar ao país dos magos. Petei en todas as portas. E ao cabo atopei un home que tiña gañas de traballar.

Conteille o que me acontecera pouco tempo antes.

-Eu, por medio da maxia, podo voltar o teu coche en coche normal.

como el era antes. E, se queres, tamén te podo poñer nun alustre aló na túa Terra.

-Grazas, meu amigo! Agradeceríao moito. Estes países non son do meu xeito.

Fomos ao lugar onde quedara o coche feito unha beluga de manteiga.



XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

O mago dixo:

-Cam, pas, titus leirocus lustus. Jéper!

E eu aparecín na miña casa.

Cando ía fora da miña casa para ir cabo duns amigos de meu a contares todo o que me acontecera...

Espertei!

Resulta que todo fora un sono. Que desilusión!-





Entrevista realizada a Xela tras gañar o premio e publicada no *Faro de Vigo*

Una niña viguesa gana el concurso de cuentos «O Facho»

Se trata de Xela Arias Castaño, que cuenta 11 años "A FRAGA DOS PAXAROS E A FRAGA LEOPARDICIA", HISTORIA DE UN SUEÑO



En la VI edición del concurso de cuentos infantiles "O Facho", patrocinado por la Caja de Ahorros-Monte de Piedad de La Coruña y Lugo, ha merecido el primer premio, en la modalidad de "contos de nenos", la niña viguesa Xela Arias Castaño, de 11 años de idade y muchos más de imaginación, sueños y pensamientos; porque Xela cuando habla de las cosas del escribir, del idioma gallego, de lo que hace y lo que va a hacer, se reviste de una dosis de responsabilidad que rebasa sus años y hace pensar en un ambiente familiar propicio al nacimiento de una personalidad recia y definida; lo cual no es obstáculo para asombrarse al pensar que sólo tiene once años.

—Las bases del concurso las trajo mi padre, me las enseñó y dijo que si quería que escribiera. Más que nada, él quería que me acostumbrara a redactar trabajos más largos, porque entonces estaba escribiendo unos cuentos muy pequeñitos, de una cuartilla, o de menos.

El ahora premiado pasa de los dos folios. Se titula "A fraga dos paxaros e a fraga leopárdica". Le salió de un tirón, justo dos días antes de que se acabara el plazo de entrega.

EL TEMA DEL CUENTO

—Es que yo tengo que hacer las cosas en el momento, de lo contrario no soy capaz de seguir; si lo dejo para mañana, ya no lo acabo; es por eso que tuve que escribirlo en un día. Y no me gustó nada, nada, nada. Me parecía demasiado malo para mandarlo. Después, mi padre me dijo que estaba bastante bien, pero yo seguía pensando que no valía. Por eso no me esperaba el premio. Ahora voy a escribir con más frecuencia.

El hermano de Xela, Xoán Carlos, también es ya escritor laureado. El año pasado consiguió el premio de la Caja de Ahorros, glosando el tema "Mi primer viaje";

tiene editado un libro: "Carlinos e o abó". El opina que el cuento de las "fragas" es muy bonito.

—Trata de un sueño que tenía yo —dice Xela—. Iba de viaje, muy alegre, y me encontraba con una selva de pájaros; conducía mi coche y los pájaros me insultaban; me marché de allí. Y me había desaparecido el coche; entonces, entré en la selva de los leopardos, y no me sabían decir dónde buscar mi coche; cuando lo encontré, al ir a tocarlo, resultó que era de nata; entonces, los leopardos me condujeron al país de los magos, y el coche se volvió otra vez de verdad. Pero era un sueño.

ESCRIBIR EN GALLEGO

Ella sueña a menudo con coches; le gusta correr; pero se cae por los barrancos; aunque siempre sale a flote y cada día de distinta manera; uno de los días fue sacada al camino por un ave de rapiña. De esto trataban sus cuentos cortos, escritos en gallego, que es la forma que a ella le gusta; lo hace en castellano cuando así se lo exigen, en las redacciones del colegio, por ejemplo.

—Yo creo que en Gallaia se debía hablar siempre en gallego. Y lo mismo que nosotros aprendemos castellano, los de otras partes pueden hacer un esfuerzo y llegar a hablar nuestro idioma.

Xela estudia quinto de E. G. B. Precisamente ahora han organizado un concurso de redacciones y ella va a presentarse, aunque todavía no ha decidido el tema; sólo sabe que esta vez ya no tratará de un sueño. Es posible que trate de ese sueño que todos tenemos de niños; quizá porque nos lo preguntan demasiado a menudo: de lo que vamos a ser de mayores.

DE MAYOR: MAESTRA

—Yo siempre tuve la ilusión de ser maestra de párvulos. Y no me parece nada difícil, porque me gustan mucho los niños pequeños, enseñarles a jugar y esas cosas; no letras ni números, que eso ya lo aprenderán cuando pasen a primero.

Se ve que sabe bien lo que quiere, como si lo tuviera planeado: ya ve lo que conviene a cada edad y lo que debe dar a cada curso. También aquí le ayuda el ambiente familiar. Su padre, don Valentín Arias, es maestro.

Le pido a Xela que me enseñe alguno de aquellos pequeños cuentos que escribía "antes".

—Es que como eran tan

pequeñitos y tan feos, los tiré.

Pero como tiene buena memoria y la pluma dispuesta, escribe uno sobre el papel de mi carpeta:

"Era unha vez unha muller que trataban por bruxa.

"Certo día as mulleres de Vilarel colleron e foron pra feira, pois era feira en un pobo cercano deli.

"Cando xa era de noite as mulleres xuntáronse e tiñan moito medo, pois non sabían como facer pra cruzar o río, porque non se vía o puntillón.

"De repente aparecen por elí a muller que tomaban por bruxa e dixolles:

"—Eu podo facer que vexades e podades cruzar o río, pero non lo

podedes dectr a nadie.

"—Non llo diremos a nadie, non te preocupes, cajaremos.

"—Bueno —dixo a bruxa, comeza de cida das mulleres.

"Frotou os dedos e sairon en cada dedo unha bombilla eléctrica, de colores.

"As mulleres cruzaron o río e despois, como a bruxa morreu, contáronme a min."

Y ella nos lo ha contado a todos. Gracias.

Julia C. HORTIGUELA
(Foto Magar)



UNIDADE DIDÁCTICA do conto *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopárdica*

1. INTRODUCCIÓN

Esta unidade didáctica está deseñada para alumnos de 10 ou 11 anos, que estean a cursar 5.º ou 6.º de primaria

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se pretenden acadar con esta unidade didáctica son os seguintes:

1. Achegar a figura e a obra de Xela Arias, o persoeiro ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas do ano 2021, aos alumnos que están a piques de rematar a primaria.
2. Ler un conto fermosísimo desta destacada poeta, analízalo e comentalo para poder comprender o seu contido.
3. Ser capaces de emitir valoracións persoais axeitadas á súa idade e ao nivel das súas capacidades partindo dun texto literario breve.
4. Crear producións literarias propias, coherentes, cohesionadas e adecuadas, a partir do exemplo que supón este pequeno conto.
5. Iniciarase na valoración e no gozo estético dos textos literarios.
6. Valorar a importancia da figura e da obra de Xela Arias dentro da literatura galega contemporánea.

Estes contidos pretenden desenvolver o obxectivo e) e o o) recollidos como uns dos obxectivos da educación primaria no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.



XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. CONTIDOS

Os contidos desta unidade englobanse fundamentalmente no bloque 5, correspondente á *Educación Literaria*, recollidos no DECRETO 105/2014. Porén trabállanse, ademais, contidos do bloque 2 (*Comunicación escrita: ler*), en concreto aqueles referidos ao achegamento ao feito literario, para que o alumnado o recoñeza como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal; e, por último, contidos propios do bloque 3 (*Comunicación escrita: escribir*), co gallo de motivar outro tipo de produción escrita que atenda especialmente a creatividade do alumnado. Velaquí os contidos desta unidade didáctica:

- B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- B5.3. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela).
- B5.4. Lectura guiada de textos da literatura infantil, adaptacións breves de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.



XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

- B5.5. Lectura comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos temas e motivos repetitivos.
- B2.3. Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).
- B2.5. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto.
- B2.6. Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).
- B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.
- B3.5. Redacción de textos breves creativos: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...
- B3.6. Uso progresivamente autónomo das TIC na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións.
- B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.



- B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

4. COMPETENCIAS CLAVE

As competencias claves ou básicas que se traballan nesta unidade son, fundamentalmente, a Competencia para a Comunicación Lingüística e a Competencia para Aprender a Aprender, pero tamén, aínda que en menor medida, a Competencia Dixital, as Competencias Sociais e Cívicas, a Conciencia e Expresións Culturais e o Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor.

5. METODOLOXÍA

A metodoloxía que guía esta unidade procura:

- Unha **aprendizaxe significativa**, partindo dunha actividade inicial que permita detectar os coñecementos dos alumnos sobre a vida e a obra de Xela Arias.
- A **construtividade da aprendizaxe**, facendo os alumnos partícipes da exposición guiada dos contidos achegando os seus propios coñecementos sobre o tema e proponendo actividades motivadoras que se expoñen deseguido.

6. ACTIVIDADES

Actividades de iniciación

1. **Remuíño de ideas** para indagar sobre os coñecementos que teñen os alumnos acerca da vida e a obra de Xela Arias.



2. **Ordenar** unhas viñetas que fagan referencia aos momentos máis salientables da vida de Xela Arias.
3. **Observar** uns podcasts e comentar a información que lles achegan sobre a vida e a obra de Xela Arias.
4. **Realizar ou completar** un eixo temporal marcando os feitos e etapas destacadas da vida da autora.
5. **Remuíño de ideas** sobre o contido do conto a partir da lectura do título, exposición das diferentes hipóteses e comprobación de cal se axeita máis ao contido despois de ler o texto.

Actividades de desenvolvemento

1. **Primeira lectura** do conto en voz alta e coa entoación adecuada e **aclaración** das palabras de difícil comprensión con axuda do dicionario. Pódese consultar o dicionario en liña da Real Academia Galega en <http://academia.gal/dicionario>
2. **Segunda lectura**, desta volta individual e en silencio, co obxectivo de propiciar a comprensión do conto.
3. **Traballo sobre a comprensión do conto: coloquio** sobre o que entenderon do conto e, de non quedar suficientemente clarificado o seu contido, a mestra ou o mestre pode formular as preguntas que considere convenientes para que os alumnos acaben de comprendelo.
4. **Establecer** as tres partes das que consta o conto: a introdución, o nó e o desenlace.
5. **Poñer** en común entre todos a opinión persoal sobre o conto, de xeito razoado e ben fundamentado.



Actividades de aplicación

1. **Facer** un debuxo do paxaro xefe, do leopardo xefe e do coche da protagonista, tal como se describen no texto.
2. **Elaborar familias de animais salvaxes**: incluír primeiro os que aparecen no texto e, deseguido, engadir as doutros animais salvaxes.
3. **Describir** o seu animal salvaxe favorito, tentando facelo ao xeito da autora no conto.
4. **Inventar** un desenlace diferente para o conto.
5. **Escribir** un soño real ou inventado semellante ao que conta a autora no conto que estamos a traballar.

Actividades de reforzo

Este tipo de actividades están destinadas aos alumnos que presenten máis dificultades na súa comprensión.

1. Realizar manualmente (debuxo, plastilina...) **un paxaro, un leopardo e o coche da protagonista**, tal e como aparecen descritos no texto que se está a traballar.
2. Completar un **resumo** do conto facilitado pola mestra ou mestre.

Actividades de ampliación

Estas actividades son para aqueles alumnos que amosen interese por afondar no conto ou traballalo desde outra perspectiva.

1. Elaboración dun **cómic** a partir do fragmento narrativo do conto. Poden facelo de xeito manual ou dixitalmente botando man de programas como Pixton, ToonDoo, Play Comic...



2. Elaboración dun **pequeno texto teatral** partindo do conto e posterior dramatización ante o resto dos compañeiros e compañeiras.
3. Elaboración dun booktrailer sobre o conto. Para saber o que é un booktrailer e como crear un, o alumnado pode visualizar o vídeo explicativo que aparece no seguinte enderezo web (preme sobre a imaxe).



Actividades de síntese e avaliación

1. Elaboración dun **mapa conceptual** que reflicta as principais características da vida de Xela Arias, establecendo as relacións existentes entre elas.
2. Responder unhas **cuestións** sobre o contido e a forma do conto, propostas pola mestra ou o mestre.

7. RECURSOS

Para o desenvolvemento desta unidade didáctica precísanse unha serie de recursos materiais que indicamos deseguido: o encerado, o texto do conto, e ordenadores persoais con procesador de textos e acceso á Internet.



8. ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE

APOIO EDUCATIVO

Esta unidade vai dirixida a un grupo de alumnos heteroxéneo, con distinta competencia lingüística oral e escrita e con diferentes ritmos de aprendizaxe, características que se atenderán mediante actividades de reforzo, para os que teñan máis dificultades na asimilación de contidos, e actividades de ampliación, destinadas aos alumnos que desexen profundar nos contidos ou traballalos desde outra perspectiva, como xa se indicou anteriormente.

9. AVALIACIÓN

1. *Criterios de avaliación*

Estes son os criterios de avaliación que, en correspondencia cos contidos establecidos, indica o DECRETO 105/2014.

B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

B5.3. Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas recorrentes.

B5.4. Recrear e componden poemas e relatos sinxelos a partir de modelos dados.

B5.5. Participar activamente en dramatizacións de textos literarios.

B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido.

B2.4. Utilizar certas estratexias para mellorar a lectura.

B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo.



B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.

B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.

B3.4. Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade.

B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.

B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa.

B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

2. *Procedementos e instrumentos de avaliación*

A avaliación desta unidade farase mediante:

- ◆ **Avaliación por estándares de aprendizaxe:** levarase a cabo mediante a observación do traballo realizado polos alumnos. A devandita observación estará baseada nos estándares que se detallan na táboa seguinte.



XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

Estándares de aprendizaxe	Moi be n	Ben	Reg ul ar	M a l
<p>LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.</p> <p>LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.</p> <p>LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.</p> <p>LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios.</p> <p>LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.</p> <p>LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e das ilustracións.</p> <p>LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade.</p> <p>LGB2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras.</p> <p>LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.</p> <p>LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.</p> <p>LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos.</p> <p>LGB2.11.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.</p> <p>LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.</p> <p>LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.</p> <p>LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo.</p> <p>LGB3.4.3. Aprecia os usos creativos da linguaxe.</p>				



XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.				
---	--	--	--	--

DENUNCIA DO EQUILIBRIO (1986)



LUZ NO DELIRIO dos sentidos!

e te preciso cando te agardo non vés nunca

e a súplica que molla

desfai un labio

e outro labio que espira nun silencio

compártome

sei que no lonxe das parábolas das frases

cortadas e os puntos a parte son só

medos escorrentados polo teu corpo

soberano dunha idea poderosa que

tal vez suceda e eu non saiba quen es

ti cando te agardo



unhas mimosas podres
auscultadas da xanela ó xardín
hai tantos ruídos nesta rúa...
non tinga-lo cutis
pero ven, como te agardo.

NOCTURNIDADE caen inverno as chuvias longas as melenas
a cidade revolcadas
-ascenden paxaros abertos-o fume do meu cigarro

Recóllome
aposto gritos na noite
se che falo non collo no cuadrilátero da habitación
saio

pasado o solpor xunguín fios nebulosas onte
nos prostíbulos de horas que son-sen sol-as rúas
interna visión para esgazados habitantes
degrañando sentidos-un lapsus-nos interiores

xunguín fios nebulosas foi dicir
denuncia-lo equilibrio das estancias
as miñas estancias descubertas pasado o solpor



-cando a dhuvia nos deixou roto oeste vermello
no horizonte
os corpos na luz morna que produce a escuridade
(caio-suaviño chapuceo)
e hoxe despois de onte só eu - sei do segredo

AS TEAS CONFORMÁNDOSE NA PAISAXE o sol saíndo
sen saber de onde se tan difícil como ve-lo aire
subido nas gortexas fose comprende-lo xogo un
paxaro
derrotado
quedoume nas mans despois de pensar

como orballo caloume a tristura grande
o planeta dando voltas sobre si e arredor
e vinnos a todos nós e a equipaxe derrotada
tamén
a grolos de alcohol para imaxinar un cacho soltos polas esquinas

e tras de nós-nada-nin deixáremo-lo voo
da ave descrito nin pintado o sentido das follas
outono cando as piso e ó tempo nos soño xuntos




XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

así de ben



TIGRES COMA CABALOS





Con esta segunda obra de Xela, do ano 1990, iníciase unha nova década. Trátase dun proxecto “abrazado, querido e gratificante” para a autora que consta de Son 48 fotos en branco e negro e 48 poemas. Co volume preséntase tamén unha exposición que percorre distintas localidades ao longo de 1990.

En máis dunha ocasión, temos escoitado que un poema é fotoxénico ou que unha foto é moi poética. Fotógrafos e poetas aliáronse, sobre todo durante o século XX, para conseguir un produto final distinto. Un produto no que aparecen perfectamente “maridados”, como un suculento prato de comida e o viño axeitado. Nesas maridaxes podemos atopar exemplos coma os seguintes¹:

-Fotografías de mulleres e homes que destacan pola súa beleza, como por exemplo, a obra “La hora romántica” de G. Ballesta y Asuar do


¹ Para elaborar este resumo tomamos como base a exposición “La cámara de hacer poemas”, que tivo lugar do 5 de xuño ao 25 de outubro de 2018 na sala mínima do Museo da Biblioteca Nacional de España.

ano 1922 (unha das primeiras) ata aqueles dedicados a iconas do cine como *Oración por Marilyn Monroe* con poemas de Ernesto Cardenal e fotografías de varios autores.



Imaxes: <https://bit.ly/2OqxESN>; <https://bit.ly/39OSfHX>

-Fotografías de prensa e propaganda en tempos de guerra acompañadas de versos como é o caso de *Viento del pueblo, Poesía en la guerra* do ano 1937 con versos de Miguel Hernández ou na obra *España en el corazón* que combina os versos de Neruda e as imaxes de Pedro Olmos.




Imaxe: <https://bit.ly/3wzCGOf>



XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

-Cidades e rúas protagonizan obras como *Paranóia* (1963), un fotolibro poético que presenta a cidade de Sao Paulo da man dos versos de Roberto Piva e as imaxes de Wesley Duke Lee ou *Poeta en Nueva York* con poemas de Federico García Lorca e fotos de Maspons+Ubiña.

-Tamén dos sesenta é o fotolibro *Cantares*, de José Afonso, editado na clandestinidade na cidade de Lisboa no ano 1967, que recolle as cancións do vinilo co mesmo nome do 1964 e cuxa primeira edición foi prohibida pola censura; *O Mergulhador*, editado no 68 en Río de Xaneiro, onde se reúnen os versos do poeta e cantante Vinício de Moraes coas fotografías do seu fillo Pedro de Moraes ou *Coimbra, flor das cidades* que reúne poemas de António Nobre e fotografías de Javier Campano.



En Galicia, como indica María Xesús Nogueira² este diálogo entre poesía e fotografía é unha “fórmula escasamente transitada na tradición galega” e entre os precedentes a Xela que podemos citar encóntranse, por exemplo, *Catro poemas para catro gravados* de 1944, onde se inclúen poemas de Lorenzo Varela combinados con gravados

² María Xesús Nogueira Pereira, *Xela Arias Poesía reunida* (1982-2004). Xerais, Vigo, 2018. 2ª edición 2021.




de Luis Seoane homenaxeando a heroes e a heroínas galegas ou a terceira e cuarta edición de *Terra Chá*, con portada de Luis Seoane, cen poemas de Manuel María e ilustracións de Isaac Díaz Pardo.

MARÍA BALTEIRA

Loubar eu loubara, María Balteira,
túa saia leda,
que a carón da morte, ó vela na danza
semellando pombas redor dun pombal,
facía que aqueles barbudos
sorriran.

Aqueles labregos da morte
guerreira,
carballos antergos, varós desta
terra,
destes pobos todos que chaman
España,
desde aqueles tempos que a tallou a espada.

- María Balteira, gravado de Seoane para *Catro poemas pra catro gravados*



Loubar eu loubara, María Balteira,
túa saia leda,
tan leda que tola á xente deixabas,
d'amores sin prendas:
peitos de folía, nin moeda moura,
nin prenda d'amor nin prenda de conta.
Mala perdedora, boa bailadora
co lume nos ollos i o aire nos pés,



ie nas maos a lúa a facer lilailas,
lixeriras gaivotas, ladroas amadas!

O cabrón do inferno, María Balteira,
cando veu a España,
por xogar contigo perdeu a soldada.
¡Por ganalo a él perdeches a ialma!

¡Loubar eu loubara, María Balteira,
túa saia leda!
Eu loubar loubara, si os cás dos xogares
que ti desamaras,
vindo da fronteira non me dentellaran
no peito as loubanzas:
¡Ley de xograría me chama a silencio!
Si non fora aquilo de xogar co demo,
e partir o viño con tantos meleiros,
faría tensón cos meus compañeiros,
María Balteira. Ti sábelo, eu sei,
que loubar loubara túa saia sin lei.
¡Túa saia leda
que non loubarei!
Túa saia leda
que non loubarán:
con frior de seda
e quentor de lan.



MARÍA PITA

I

María das
batallas,
levareiche
unha frol por
cada bala;

i unha cunca de leite
arrebuxada en neve
pra che curar a sede.

iSede mortal, varona, a desta patria:
queima no peito con ardente brasa!

II

María das batallas,
dareiche un reiseñor por cada bala,
i unha estreliña nova
no berce d'unha dorna,
núa, espida, graciosa:
Varona dos meus ollos, unha estrela
que ti ganache, poderosa e leda.


- María Pita, gravado de Seoane para *Catro poemas pra catro gravados*



III

Muller da soberana libertade,
os artilleiros danche alferezía
e faite o mar patrona da cidade.
Din as miñas campanas, escoitade,
de monte a monte e mais de ría a ría:
O bronce meu, teu bronce foi María.

Tirado de <https://bit.ly/3fLUNun>



Portada de Luis Seoane de Terra Chá en <https://bit.ly/3wwqgxH>

Tras o visto, no ano 1990, catro anos despois de publicar o seu primeiro libro, a galega Xela Arias decide dar un paso á fronte e publicar *Tigres coma cabalos*, unha obra que combina poesía e cunha exposición fotográfica marcada polo erotismo sensual, atrevida e ousada no seu momento, onde se colgan corpos humanos espidos,



entre eles o dela³ que teñen como autor a Xulio Gil, e que reflicte unha Xela fiel a si mesma, innovadora, onde se indaga e cuestiona a orde das cousas coa imaxe e coa palabra, que busca romper muros, abrir fiestras e novos espazos para a poesía. Espazos abertos ás palabras, á MULLER con maiúsculas e á liberdade.



Propoñemos como exemplo o trío de poemas “Monólogo Adicto I”, “II. Monólogo Adicto” e “III. Monólogo Adicto” (sen as imaxes), que presentan temas como a “impotencia de non poder controlar o propio destino, a futilidade da existencia humana e a deshumanización á que nos arrastra a sociedade, por mor da falta de comunicación”, en palabras de Jesús Expósito Barradán.⁴

I. MONÓLOGO ADICTO

³ “O desgusto a respecto da percepción do libro quedou patente nalgunha das súas declaracións:

Yo me llevé muchas sorpresas cuando se puso el libro en la calle. Me llamó la atención, algún rechazo particular que sufrí, por el hecho de tener el morro de salir desnuda” (Del Caño 1993: 78)” tirado de Xela Xerais Edicións. Vigo, 2018. Pola súa parte, Xulio Gil, o fotógrafo e parella de Xela no momento, recoñeceríalle a Manolo Rivas nunha entrevista para *La Voz de Galicia* o 25 de marzo do 90: “Non, non buscamos adrede un efecto erótico ou sexual nas fotografías. As fotografías non teñen esa intencionalidade evidente, case publicitaria, de Newton. Se quixeramos facer algo obsceno, faríamos outra cousa».

⁴ Xela Arias: Verso Desnudo. Vare verse en http://culturagalega.gal/album/docs/201212121408_am_Verso-desnudo.pdf



Ignoro que lugar é este onde me atopo
cos meus ósos e os silencios das palabras.
Detesto esa voz que vén tan alta
coa que persegues da miña morte detalles.
Só teño para ti xestos primarios.
Despedazada, outros xa van gastados.
Un día tiven desexos e cumprinos,
na roda da fortuna xoguei con talla.
Se xa só teño necesidades, ¿que dis ti
entre esas frases? É doutro de quen falas.

II. MONÓLOGO ADICTO

Non teño desexos.
Todo para nada e pronto.
Por un paquete de cigarros e unha palabra amable
cambio.
O resto da miña vida.
Todo para nada e pronto
o que me resta.
Sei que non teño desexos.
Recréome na propia suor.
Alivia o pudor con que miráde-los



ollos perdidos nas miñas cellas caídas.

Todo

para nada.

O que me resta.

Esa teoría non te salva

da incompetencia.

Por un paquete de cigarros...

A auga do mar cando me afoga

son brazos de rúas que cruzan cidades.

Non ter un desexo.

Vou vestido e canso

de bracear

paso

e déixome baixar.

Nos baixos do mar había un mundo de área e bechos

[que non coñecerás.

III. MONÓLOGO ADICTO

Xa non teño fala.

Despois de recorta-los verbos quedei sen lingua



XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

á que atender.

A nosa inmensidade remata un centímetro á redonda.

Non fales comigo,

deixei á posta o código

nas escaleiras da entrada ás casas.

Recortei, coma quen non o quere, os ámbitos.

Case me perdo, meu, entre os paseanters.

Así que, recortei os ámbitos.

Agora teño o idioma inclinado nas entrañas.

E perdín para botalo fóra todo interese.

¿Que máis me ten que a min me entendas?



ESCOLMA DOUTROS TEXTOS

DARÍO A DIARIO (1996) Poemas ao redor da maternidade que teñen como protagonista o seu fillo Darío.



1

Imos, meu ben, camiñar sereno
pola cidade sen ramplas nas aceras. Imos
comeza-lo xeito da túa vida, e mírame,
mesmo as bolsas dos meus ollos serán monecos
dos teus días xunta min.

2

Tódolos bebés son tu e ningún coma ti.
Tódolos nenos son tu e ningún coma ti.
Tódolos adolescentes son tu e ningún coma ti.
Tódolos mozos son tu e ningún coma ti.



XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

Tódolos anciáns son tu e ningún coma ti.

Tódas as nais son eu e todas, coma min, saben que es único.

3

Se andas a gatiñas formas a columna

e a planta dos pés;

se te alimentas ó meu peito medras san,

rexo e forte.

Se che falamos con tino, a modo

recompós termos e frases.

Se a luz non é moi forte

descansan os teus ímpetos de neno.

Se tes o ritmo da música has

rimar o aceno dos días.

Se estimulado, crearas o mundo sen que cho impoñan...

Canto sei! e, sen embargo,

que ananez perante tanta novidade

que ti agasallas a cada instante.

4

Non me gustaban de nena os peluches

e lembran meus pais que non xoguei moito ás bonecas.

Non me deteño a cociñar e na química das quimeras

rocei un xeito de delincuencia xuvenil.



Un xénero feminino algo a desmán das narracións para o ano

{en que nacín.

E vés

ti

agora,

primeiro imaxinado e xa querido,

logo presente nestes cuartos a diario:

hai posible en ser muller un privilexio imposible de transferir.

I

Dis ma-ma-má

e consegues oito pasos seguidos sen axuda

cara a nós. Vesme?

Son a nai que te pariu e coida

facer o necesario porque avances.

II

Que é necesario?

Coma sempre:

asumir que me equivoco e seguir investigando.

Coma sempre en min,

e máis contigo.



INTEMPÉRIOME

“A unidade componse.
Da desorde.

Desordénome, amor,
e dou co punto
único
do centro dos abrazos.

Abrazo a desorde das ideas
e sei
que a unidade se compón.

A unidade componse.

Da desorde.”

Íspeme o idioma e sábemo suando en sida.

A miña querida sida,
veleno que me inoculo cada día como pregaria
ou forma
de Non deixar de me entender castigada dalgunha lei.

A miña lei, de me nacer así tan negra por elección.
Máis coitelos para que? Atende, mírame,
mírame agora a sida,
que te quero negra,
negra asombrada fanática africana,



XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

na batalla da historia en ringleira, adiante,
de primeiras feras vós desterrados
para tervos ó fin pacíficas vitorias
nas terras de ninguén que chaman ás casas:
os vosos fogares
asolados de compromisos tan, tan antigos.

E costumes, negra”.

Tal confundes verso e palabra,
así che estrago os pronomes.
Obrígate a traballo novo,
que tamén ti pinta-lo cadro que axexas.
Pintura de caracteres
no fascinio do convencional,
se che convén”.



POEMAS SOLTOS

"BURLA NEGRA" (Poema publicado no *Faro de Vigo* o 29 de agosto de 2003)

Marea miseria invade global Galicia.

Colleita inepta de intereses financeiros.

Burla negra.

Oes o son mediático das novas nas casas,

a química diplomática na fiestra da praia.

Nunca máis.

«Mar de fondo, capitán».

A velocidade do vento é nada

se deciden as pantasma.

Never more, never more, never more.

No lombo

a miseria do hábito domedo.

As maquinarias do acougo anoian

as lindezas dos conformes.

Burla negra. Nunca máis.

Intempéiate, fogar dos rumorosos.

Pon prezo en castigo



á patética esperanza.

Dignidade.

Velaí tes a histórica batalla.

Fragmento do poema “**A de quen comprende**” incluído na obra *Daquelas que cantan*:

“Inmaculábante. Eras necesaria.

Inmacúlante. Es o principio da camiñada.

Mira como así rabenan,
rematan esgotado o teu dereito a rebentar.

Nada novo, inmaculada Rosalía.
Tal sempre mulleres confinadas na construción
doutros,
comprendes:
revólveseche a arma contra ti.

A de quen comprende non é
palabra de feliz”



TRADUCIÓNS

COMO COÑECER A UNHA BRUXA

AS BRUXAS. Autor: Roald Dahl. Tradución: Lidia Iglesias Izquierdo e Xela Arias

A noite seguinte, despois de bañarme, a miña avoa levoume outra vez ao salón para contarme outra historia.

-Esta noite -dixo a vella-, vouche contar como recoñecer a unha bruxa en canto a vexas.

-Pódese estar sempre seguro? -preguntei.

-Non -dixo ela-, non se pode. Ese é o problema. Pero pódese intentar adiviñalo bastante ben.

Deixaba caer a cinza do su puro no colo, e eu esperaba que non prendese lume antes de que me contase como recoñecer a unha bruxa.

-De primeiras -dixo ela-, unha BRUXA VERDADEIRA levará sempre, seguro, luvas cando estás con ela.

-Seguramente non sempre -dixen eu-. Que pasa no verán, cando vai calor?

-Mesmo no verán -dixo a miña avoa-. Ten que levalas. Queres saber por que?

-Por que?

-Porque non ten unllas. No canto de unllas, ten gadoupas finas e curvadas, coma un gato, e leva as luvas para agachalas. Pero moitas mulleres respectables levan luvas, especialmente en inverno, así que isto non che vai axudar moito.

-Mamá adoitaba levar luvas -dixen eu.

-Non na casa -dixo a miña avoa-. As bruxas levan luvas ata na casa.

Só as quitan para deitarse.



-Como sabes todo iso, avoa?

-Non interrompas -dixo ela-. Ti acéptao e namais. O segundo que tes que lembrar é que as BRUXAS VERDADEIRAS son sempre calvas.

-Calvas?

-Calvas como un ovo cocido -dixo a miña avoa.

Na cociña

Oín a voz dun home berrando:

-Un rato! Mirade ese noxento rato!

E eu vislumbrei baixo de min unha figura con mantelo e gorro alto e branco, e logo un relampo de aceiro cando o coitelo da cociña asubiou no aire e sentín un trallazo de dor no cabo do meu rabo, e, de súpeto, estaba caendo de cabeza ao chan.

Mesmo mentres corría, sabía o que pasara. Sabía que me tronzaran a beira do rabo e que estaba a piques de esbarrarme contra o chan, e que todos os da cociña virían por min.

-Un rato! -berraban-. Un rato! Collédeo axiña!

Dei contra o chan, púxenme en pé dun brinco e botei a correr para salvar a vida. Por todas partes ao redor de min había grandes botas negras pegando pisotóns, e eu esquiveinos e corrín, corrín, escorrínme, volvinme e revolvinme polo chan da cociña.-Collédeo! -berraban-. Matádeo! Pisádeo!

Todo o chan estaba cheo de botas negras que intentaban pisotearme e eu evitábaas, xiraba e daba voltas e logo, de puro desespero, apenas sen saber o que facía, buscando só un sitio onde agocharme, subín pola perneira do pantalón dun dos cociñeiros e aganchei ao seu calcetín!

-Eh! -berrou o cociñeiro-. Subiume polo pantalón! Agardade, rapaces! Agora téño!

O home daba palmadas na perneira do pantalón e agora si que ía quedar realmente esmagado se non me movía axiña. Só había un camiño, e era cara a arriba. Cravei as



miñas gadoupiñas na peluda perna do home e gaveei cara a arriba, máis e máis arriba, máis aló da canela e do xeonllo cara á coxa.

-Deus -berraba o home-. Está subindo! Sobe pola miña perna!

Oín gargalladas dos outros cocineiros, pero prometo que eu non tiña gana de rir.

CONTOS AO TELÉFONO. Gianni Rodari



O país co «des» diante

Xoanciño Perdedía era un grande viaxeiro. Viaxa que viaxa, chegou ao país co «des» diante.

-E que país é este? -preguntoulle a un cidadán que estaba ao fresco debaixo dunha árbore.

O cidadán, por toda resposta, tirou do peto unha navalla e amosoulla ben aberta riba da palma da man.

-Ves isto?

-É unha navalla.

-Completamente errado. Isto é unha «desnavalla», unha navalliña co «des» diante. Serve para facer medrar os lápiz cando están gastados, e é moi útil na escola.

-Magnífico -dixo o Xoanciño-. E que máis?

-Logo temos o «despercheiro».

-Quererá dicir o percheiro.

-Un percheiro serve de ben pouco, se non tes un abrigo para colgar nel. Co noso despercheiro todo é diferente. Non se precisa colgarlle cousa, xa está todo colgado. Se tes necesidade dun abrigo, vas alí e descólgalo. O que precisa dunha chaqueta non ten por



que ir a mercala: pasa cabo do despercheiro e descólga. Hai un despercheiro de verán e o de inverno, un para home e un para muller. Así aforramos moitos cartos.

-Unha verdadeira preciosidade. Que máis?

-Logo temos a máquina «desfotográfica»; que no canto de tirar fotografías tira caricaturas, e así rimos. Logo temos o «descanón».

-Brr, que medo!

-O descanón é a contra do canón, e serve para desfacer a guerra.

-E el como funciona?

-É sinxelísimo, pode manexalo incluso un neno. Se hai guerra, tocamos a descorneta, disparamos o descanón e a guerra queda de súpeto desfeita.

Que maravilla é o país dos «des» diante.

Os homes de manteiga

Xoanciño Perdedía, grande viaxeiro e famoso explorador, chegou un certo día ao país dos homes de manteiga. Estes, ao estaren ao sol derretíanse, polo que tiñan que estar sempre ao fresco, e vivían nunha cidade na que en lugar de casas había frigoríficos. O Xoanciño paseaba polas rúas, e víaos debuzados nas fiestras dos seus frigoríficos, cunha bolsa de xeo na cabeza.

Na portiña de cada frigorífico había un teléfono para falar co inquilino.

-Oia.

-Diga.

-Con quen falo?

-Son o rei dos homes de manteiga. Todos de tona de primeira calidade. Leite de vaca suíza. Reparou ben no meu frigorífico?

-Demos, é de ouro macizo. Pero non sae nunca de aí?



-No inverno, cando vai bastante frío, nun automóbil de xeo.

-E se por un casual sae de improviso o sol de ente as nubes mentres a Vosa Maxestade dá o seu paseo?

-Non pode, non está permitido. Faríao encadear polos meus soldados.

-Buum! -exclamou Xoanciño. E andou para outro país.

A inventar números

-Inventamos números?

-Inventamos. Comezo eu. Case que un, case que dous, case que tres, case que catro, case que cinco, case que seis.

-E moi pouco. Escoita estes: un remillón de billóns, un caldeiro de milleiros, unha inmensidade e un inmensidón.

-Eu, xa que logo, invento unha táboa:

tres por un, Trento e Verdún

tres por dous, chalanas e bous

tres por tres, leite con café

tres por catro, todo era grato

tres por cinco, subir dun brinco

tres por seis, amarrar os reis

tres por sete, dálle un moquete

tres por oito, visto e resolto

tres por nove, xa nada se move

tres por dez, volve outra vez.

-Canto custa este pastel?



-Dous tiróns de orellas.

-Canto hai de aquí a Milán?

-Mil quilómetros novos, un quilómetro usado e sete bombóns.

-Canto pesa unha bágoa?

-Segundo: a bágoa dun neno mecoso pesa menos que o vento, a dun meniño esfameado pesa máis que toda a Terra.

-Canto mide este conto?

-Demasiado.

-Entón inventemos de presa outros números para rematar a tarefa.

Dígoos eu, á maneira de Modena: uni, doli, teli, catoli, catrischi, miri mirischi, un son dous.

-E eu dígoos á maneira de Roma: unci, duci, trici, catrici calinci, meli melinci, rife e rafe fan dez.

Brif, bruf, braf

Dous nenos, na paz dun patio, xogaban a inventar unha lingua especial para poderen falar entre si sen que os entendese ninguén.

-Brif, braf -dixo o primeiro.

-Braf, brof -contestou o segundo.

E botaron a rir.

Nun balcón do primeiro andar estaba un velliño bo a ler o xornal, e debruzada na fiestra de enfrente había unha velliña nin boa nin ruín.

-Son ben parvos eses nenos -dixo a muller.



XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

Mais o bo do home non concordaba:

-A min non mo parecen.

-Non me vai dicir que entendeu o que dixeron...

-Pois si, entendino todo. O primeiro dixo: que bonito día. O segundo contestou: mañá será máis bonito aínda.

A muller enrugou o nariz, mais ficou calada: porque os nenos puxéronse a falar de novo na súa lingua.

-Marasqui, barasqui, pipirimosqui -dixo o primeiro.

-Bruf -respondeu o segundo.

E romperon a rir de novo os dous.

-Non me irá dicir que entendeu agora tamén -exclamou alporizada a velliña.

-Pois agora tamén entendín todo -retrucou, sorrindo, o vello-. O primeiro dixo: que felices somos por estar no mundo. O segundo respondeu: o mundo é fermosísimo.

-Pero, é fermoso de veras? -insistiu a vella.

-Brif, bruf, braf -contestou o velliño.



O GATO GAIADO E A ANDORIÑA SEÑÁ: UNHA HISTORIA DE AMOR

Autor: Jorge Amado



A estación da primavera

ANDO a Primavera chegou, vestida de luz de cores e de alegría, arrecendente de perfumes sutís, desabotoando as flores e vestindo as árbores de roupaxes verdes, o Gato Gaiado estalicou os brazos e abriu os ollos pardos, ollos feos e malos. Feos e malos, na opinión xeral. Ademais, dicían quen non só os ollos do Gato Gaiado reflexaban maldade senón todo o seu corpazo forte e áxil, de raias amarelas e negras. tratábase dun gato de idade media, xa distante da primeira xuventude, cando amara o correr por entre as árbores, vagamundear nos tellados, miañándolle á lúa chea cancións de amor, certamente picarescas e desvergonzadas. Ninguén podía imaxinalo entoando cancións románticas, sentimentais.

Novo paréntese, para presentar á Andoriña Señá

(Cando ela pasaba, risoña e algareira, non había paxaro en idade casadeira que non salaiase. Era moi xoven aínda, mais, onde fose que estivese, logo a cercaban todos os mozos do parque. facíanlle declaracións, escribíanlle poemas, o Reiseñor, serenateiro sonado, viña ao claror da lúa cantar á súa fiestra. Ela ría para todos dándose, non amaba a ningún. Libre de todas as preocupacións, voaba de árbore en árbore polo parque, curiosa e conversadeira, inocente corazón. No dicir xeral non existía, en ningún dos parques por alí espallados, andoriña tan bela nin tan xentil coma a Andoriña Señá).

Continuación da estación da Primavera

ERA AO REDOR a Primavera, o soño dun poeta. O Gato Gaiado tivo a vontade de lle dicir algo semellante á Andoriña Señá. Sentouse no chan, alisou os bigotes, e a seguir só preguntou:



-Ti non fuxiches cos outros?

-Eu? Fuxir? Non teño medo de ti, os outros son todos uns cobardes... Ti non me podes alcanzar, non tes ás para voar, es un gatazo aínda máis tolo ca feo. E mira que es feo...

-Feo, eu?

O Gato Gaiado riu, riso espantoso de quen perdera o costume de rir, e desta vez ata as árbores máis coraxudas, coma o Pau Brasil -un xigante- ficaron estarrecidas. «Ela insultouno e el vaina matar», pensou o vello Can Danés.

Capítulo inicial, atrasado e fóra de lugar

ANDORIÑA SEÑÁ, amais de bela, era un pouco tola. Toliña, quédalle mellor. A pesar de frecuentar aínda a escola dos paxaros -onde o papagaio dictaba a cátedra de relixión- era tan xoven que os respetables pais non a deixaban saír á noite soíña cos seus admiradores; mais xa estaba metida a independente, fachendeando de manter boas relacións con toda a xente do parque. Amiga das flores e das árbores, dos parrulos e das galiñas, dos cans e das pedras, dos pombos e do lago. Con todos ela conversaba, cun airiño de suficiencia, sen se decatar das paixóns que ía espallando a seu redor.

Fin da estación da Primavera

OS PAIS DA Señá ían rifando con ela. Mais estaban tan conmovidos co propio heroísmo -tiveran a coraxe de afrontar ao Gato Gaiado para salvar á filla- que non rifarán demasiado. A Andoriña Pai dicíalle á Andoriña Nai:

-Nós amamos á nosa filla, nós salvámola.

A Andoriña nai respondía:

-Nós somos bos pais, protexemos á nosa filla.

E ollábanse, admirándose mutuamente. Prohibíranlle terminantemente á Andoriña que se achegase de novo ao inimigo feroz. Se os xuramentos da Andoriña xoven non teñen nin-



gún valor, bruscas prohibicións só fan aguzarlle o interese e a curiosidade Non é que a Señá fose unha desas andoriñas ás que abonda con que se lles diga «non fagas iso» para que inmediatamente o fagan. Ao contrario, tenra e obediente, ela amaba aos pais.

Comportábase ben, era amable e bondadosa.

O PEQUENO SPLEEN DE PARÍS. Autor: Charles Boudelaire. Tradutora: Xela Arias

V

OS PROXECTOS

Dicía para si, mentres paseaba por un gran parque silandeiro: "¡Que fermosa había estar cun traxe de corte, complicado e fastoso, baixando, no medio do ambiente dunha fermosa tardiña, os banzos de mármore fronte á extensión do céspede e mailos estanques! ¡Porque ten por natureza o aire dunha princesa!

Ó pasar, máis tarde, por unha rúa, parou diante dunha tenda de gravados e, ó atopar nunha carpeta unha estampa que representaba unha paisaxe tropical, pensou: "¡Non! Non é nun pazo onde eu gustaría de posuíla súa querida vida. Non estaríamos coma na casa. Ademais, esas paredes acuguladas de ouro non habían deixar sitio para pendura-lo seu retrato; nesas galerías solemnes non hai recanto ningún para a intimidade. Decididamente, é aí onde habería que ir para cultiva-lo soño da miña vida".

E, mentres analizaba coa ollada os detalles do gravado, seguía mentalmente: "Á beira do mar, unha fermosa cabana de madeira, recollida entre todas esas árbores estrañas e relucentes das que esquecín os nomes..., no ambiente, un recendo embriagador, indefinible..., na cabana un forte perfume a rosa e almiscre...., máis lonxe, tralo noso cativo terreo, puntas de mastros mexidas pola ondada..., ó noso arredor, máis aló do cuarto iluminado por unha luz rosa cribada polas persianas, decorada con frescas esteiras e flores embriagadoras, cuns escasos asentos de estilo rococó portugués, de madeira pesada e



tenebrosa (nos que había descansar ela, tan acougada, tan abaneada, ¡fumando un tabaco lixeiramente opiáceo!), máis aló da varenga, o alboroto dos paxaros ebrios de luces, e mailo palique das negriñas..., e, pola noite, para servir de acompañamento ós meus soños, o cantar magoento das árbores da música, ¡os melancólicos filaos! Si, de certo, este é o decorado que andaba a procurar. ¿Que había facer eu cun pazo?

E máis adiante, como seguía unha grande avenida, albiscou unha pousada limpa, onde nunha das súas fiestras alegrada por cortinas de indiana recargada asomaban dúas cabezas risoñas. E pensou de seguida: "Gran vagabundo é o meu pensamento, desde logo, para ir procurar tan lonxe o que está tan preto de min. O pracer e maila felicidade están na primeira pousada que un atopa, na pousada ó chou, tan fecunda en voluptuosidades. Un bo lume, unha louza rechamante, unha cea pasable, viño rexo e unha cama moi grande con sabas algo ásperas, pero frescas; ¿hai algo mellor?

E ó volver só á súa casa, nesa hora en que o zunido da vida exterior xa non acala os consellos da Sabedoría, dixo para si: "Tiven hoxe, en soños, tres domicilios nos que atopei igual pracer. ¿Para que obrigalo meu corpo a cambiar de sitio, pois que a miña alma viaxa tan lixeira? ¿Para que executa-los proxectos, se o proxecto en si xa é un gozo suficiente?"

VI

O RELOXO

Os chineses len a hora nos ollos dos gatos. Un día, un misioneiro que estaba paseando polos arrabaldes de Nanquín, decatouse de que esquecera o reloxo e preguntoulle a hora a un neno.

De primeiras, o rapaciño do Celeste Imperio dubidou; logo, cambiando de parecer contestou: "Voulo dicir". Pouco despois, reapareceu levando nos brazos un enorme gato,



e, mirándoo, coma quen di, no branco dos ollos, afirmou sen dubidar: "Falta pouco para as doce". Cousa que era certa.

En canto a min, se me debruzo cara á fermosa Felina, a tan ben nomeada, que é a un tempo a honra do seu sexo, a fachenda do meu corazón e mailo perfume do meu espírito, sexa noite, sexa día, a plena luz ou na sombra opaca, no fondo dos seus ollos adorables vexo sempre claramente a hora, sempre a mesma, unha hora mesta, solemne, ampla coma o espacio, sen divisións de minutos nin segundos, unha hora inmóbil que non marcan os reloxos, e sen embargo leve coma un salaio, rápida coma unha ollada.

E se algún inoportuno me viñese molestar mentres a miña mirada descansa nesta deliciosa esfera, se algún Xenio brután e intolerante, algún Demoño do contratempo viñese dicirme: "¿Que miras con tanta atención? ¿Que procuras nos ollos deste ser? ¿Aí les ti a hora, mortal pródigo e folgazán?", había contestar, sen dubidar: "Si, leo a hora; ¡é a Eternidade!". ¿Non é certo, señora, que é este un madrigal de moito mérito, e tan cheo de énfase coma vostede mesma? De certo, gocei tanto tecendo esta presuntuosa galantería, que non vos vou pedir nada a cambio.

Antes de rematar, queremos incluír uns parágrafos escritos por Ana Romaní na biografía da autora que se pode ler de forma completa na páxina da RAG.

"Para remat e a xeito de apertura, como rosa dos ventos para posíbeis e necesarias rutas, exploramos horizontes desde o poema coas palabras da poeta:

- Xela Arias incide na vocación transgresora e transformadora da palabra poética:



A poesía debe indagar e cuestionar a orde das cousas, senón para qué (...). A nosa función é cuestionar o que hai precisamente para dar pé a construírnos mellor.

- Non se preocupa en exceso pola recepción da súa obra, anda un camiño moi persoal:

Non me obsesiona chegar (...) ao público. Só quero facer a poesía que me gusta, sen imposicións.

- O poema é vía de coñecemento, un poema exposto “ao máis profundo de nós”:

A poesía é material sensible pero non só: é tamén material altamente intelectualizado que nos pon en común co máis profundo de nós(...) e hai que xogar con forza de mineiro taladrador para acadalo e conformalo.

- E acaso sexa nese “taladrar” onde a súa dicción se amose máis diáfana na transgresión da norma e da lei. A sintaxe fracturada, a dislocación pronominal, os xogos fónicos, acentúan a súa potencia expresiva:

É unha obriga da poesía non só o que se diga, tamén como se diga. Temos que tratar de buscar como dicir desartellando as palabras para construílas doutro xeito, tamén para darlle máis posibilidades á expresión.

- Todo o seu desafío verbal lévanos a un territorio de creación léxica e sintáctica que nos coloca nunha posición tamén a nós, na lectura, extrema. Hai que deixarse tocar polo poema con esa mesma audacia. A poeta revélase da liñaxe das que cruzan a lingua, o idioma, para ousar outras arquitecturas verbais. Talvez porque a “orde establecida” se inscribe na linguaxe e na linguaxe se derruba. A lectura necesita unha disposición esforzada, convivir cos poemas e deixarse rozar por eles:



Lector de poesía é quen se someteu a autoaprendizaxe da convivencia cos textos, e superou a proba (...) só hai que rozarse cos poemas, manter moito roce cos textos e irrlles así depurando as ideas e maila cadencia. E hai que facelo desprexizados, limpos, como quen se planta nun monte a respirar o osíxeno sen mais aparato crítico cós pulmóns mesmo e a necesidade de aire fresco (...) Educarse en poesía é un esforzo. Somos poucos lectores de poesía porque somos pouco dados para o esforzo.

- Nese rozamento de osíxeno nos pulmóns reencontrámonos cunha obra demorada e reflexiva, afastada dos centros gravitacionais que marcan tendencia e, ao mesmo tempo, radicalmente inscrita na súa época:

Non vou de feira, só escribo.

- Os poemas desta voz “inconforme” sitúannos no centro da sombra, esa estrañeza que non se dá nomeado:

Para min a poesía non é literatura, é outra cousa.

Xela Arias constrúe un universo moi persoal, unha poética da insubmisión, do coñecemento, da desobediencia. Sen colectivos que a aperten, sen abrigos que a sometan. Consciente do lugar, do idioma, do xénero, da nación, acaso talvez tamén da derrota.

Onde cantan os poetas
a nos lembra-lo que non foi
ou puido ser,
vese a dor da inmóbil, imposible, invariable
medida do silencio que resta.

Silencio que resta, ou no que nos restan.

O ritmo do silencio historiou sempre
a aparencia de acougo
Estupefaciente.



XELA ARIAS. Unidade didáctica. Letras Galegas 2021

Bibliografía

María Xesús Nogueira Pereira: *Xela Arias. Poesía reunida* (1982-2004). Vigo, Xerais, 2018.

On line

<https://nova.academia.gal/letras-galegas/2021/xela-arias/obra>

<https://bretemas.gal/xela-arias-2/>

<http://tradutoresgalegos.com/BIVIR/spleen.pdf>

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2020/12/24/xela-arias-entrevistada-manuel-rivas-onde-mina-xeracion/0003_202012G24P39991.htm

http://culturagalega.gal/album/docs/201212121408_am_Verso-desnudo.pdf

https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=5555468&name=DLFE-22529.pdf

https://www.lingua.gal/letras-galegas/contido_0059/2021-xela-arias

<http://www.seminariogalan.org>